

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 17 DE XUÑO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se conceden as Medallas Castelao 2024.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra para a execución do "Plan de sustentabilidade turística na Ribeira Sacra. Compromiso coa mobilidade sustentable e a mellora continua" no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por un importe total de dous millóns de euros (2.000.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para a execución do "Plan de sustentabilidade turística centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra" no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por un importe total de dous millóns de euros (2.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Mar de Santiago para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino "Mar de Santiago: un percorrido marítimo-fluvial" no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por un importe total dun millón setecentos mil euros (1.700.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da concesión de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada XG635. A Coruña - Lugo - A Mariña, con anexos, cun orzamento base de licitación de catro millóns setecentos trinta e nove mil cincocentos oitenta e seis euros con corenta e un céntimos (4.739.586,41 €) e un valor estimado de trinta e oito millóns trescentos oitenta e oito mil cincocentos noventa e tres euros con nove céntimos (38.388.593,09 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón do informe de execución do I Plan rexional integrado de enerxía e clima 2019-2023, en desenvolvemento da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, e se aproba o inicio da elaboración do II Plan rexional integrado de enerxía e clima 2024-2030.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se aproba o Plan FPGal 360.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, para o desenvolvemento do programa vacacións en paz 2024. Importe: cen mil euros (100.000,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón das actuacións que se van desenvolver en materia de seguridade industrial no 2024.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto de carácter plurianual en relación coa Resolución da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de emisión de bonos dixitais para a conectividade de colectivos vulnerables (programa ÚNICO-Bono Social) enmarcado no investimento C15.I3 do Compoñente 15 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, e se procede á convocatoria para o período 2024, por un importe dun millón cento sesenta e dous mil cincocentos sesenta euros (1.162.560,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do servizo de posta á disposición da comunidade educativa non universitaria de Galicia de contidos curriculares dixitais para os cursos incluídos no proxecto Abalar E-Dixgal, por un orzamento de licitación (IVE incluído) de catro millóns douscentos oitenta e nove mil novecentos trinta e catro euros (4.289.934,00 €) e un valor estimado de oito millóns cincocentos oito mil novecentos sesenta euros (8.508.960,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado da glorieta na intersección da LU-903 e LU-P-5903 en Doade (Sober).
- Acordo polo que se toma razón da aprobación da memoria anual sobre a ordenación do territorio e urbanismo da Comunidade Autónoma de Galicia de 2023.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e o Concello de Ribadeo para a creación dun centro de rexeneración urbana de interese autonómico, por importe de cento catorce mil novecentos cincuenta e seis euros con vinte céntimos (114.956,20 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o acordo de prórroga ao concerto asinado o 18 de outubro de 2001, publicado pola Orde do 20 de decembro de 2001, suscrito entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1.7.2024 ao 30.6.2025, por un importe de novecentos vinte e tres mil oitocentos oitenta e tres euros con sesenta céntimos (923.883,60 €).
- Acordo polo que se autoriza o acordo de prórroga ao concerto asinado o 20 de abril de 2001, publicado por Orde do 18 de xuño de 2001, suscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1.7.2024 ao 30.6.2025, por importe total de catro millóns douscentos oitenta e catro mil oitocentos un euros con vinte e cinco céntimos (4.284.801,25 €).
- Acordo polo que se autoriza o acordo de prórroga ao concerto asinado o 18 de outubro de 2001, publicado por Orde do 20 de decembro de 2001, suscrito entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1.7.2024 ao 30.6.2025, por importe de oitenta mil setecentos noventa e cinco euros con doce céntimos (80.795,12 €).
- Acordo polo que se aproba o Plan extraordinario para a cobertura de necesidades de persoal sanitario durante o período estival.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se toma razón da actualización do Mapa de recursos para a xuventude.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se aproba o programa de perfilado competencial baseado en Emprego Intelixente e de mellora da cualificación do persoal orientador.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de pescadores "La Anunciada" de Baiona para xestionar a mellora da accesibilidade ao espazo para a divulgación e a posta en valor da cultura mariñeira na lonxa de Baiona mediante un sistema de atención desasistido para o período 2024-2028, por importe de vinte e oito mil euros (28.000,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre oferta 2024/25 de prazas de formación sanitaria especializada en Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre Nortear III. Proxecto de cooperación cultural na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a resolución das axudas ás explotacións gandeiras acollidas á indicación xeográfica protexida Ternera Gallega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONCEDE AS MEDALLAS CASTELAO 2024 A LEILÍA, BORJA GOLÁN, AMANCIO LÓPEZ SEIJAS, MAITE ISLA E ASOMEGA

- Rueda salienta que estes galardóns “son un dos recoñecementos máis importantes que outorga a comunidade”
- A entrega terá lugar, como cada ano, o vindeiro 28 de xuño

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe o nome das cinco persoas galardoadas coas Medallas Castelao 2024, despois de que o Consello aprobase esta mañá concederllas ao grupo Leilía, o deportista Borja Golán, o empresario Amancio López Seijas, a activista Maite Isla e a Asociación de Médicos Galegos (Asomega). “Xunto coas Medallas Galicia, son un dos recoñecementos máis importantes que outorga a comunidade”, indicou.

Rueda salientou que o Goberno autonómico decidiu galardoar nesta edición a Leilía, “un dos primeiros grupos de pandeireteiras que houbo en Galicia” e que deixou neste 2024 os escenarios tras 30 anos de carreira. O presidente destacou que “foron pioneiras” na promoción do folclore galego e “abriron camiño a moitos que artistas e agrupacións que viñeron detrás”.

A activista Maite Isla, que forma parte “desde hai máis de 30 anos” de Solidariedade Galega co Pobo Saharai, tamén recibirá esta distinción en representación dunha entidade que leva décadas traballando por “mellorar as condicións de vida do pobo saharai”. Ademais, tal e como resaltou Rueda, esta asociación “foi a precursora do programa *Vacacións en paz*” que permite que cada verán nenos e nenas dos campos de refuxiados do Sáhara pasen varios meses en Galicia con familias de acollida.

Outra Medalla Castelao recae no deportista Borja Golán, considerado “o mellor xogador español de squash de todos os tempos”. Rueda destacou que no seu palmarés conta con 16 campionatos de España, dous de Europa e que foi “número 5 do ránking mundial” no ano 2014.

Outra das Medallas Castelao será para o empresario e fundador do Grupo Hotusa, Amancio López Seijas. O titular do Goberno galego resaltou que se trata “dun dos maiores consorcios hoteleiros que hai na actualidade” -con 2.700 establecementos por todo o mundo e máis de 5.000 traballadores- e fixo fincapé “no especial compromiso” de López con Galicia, onde emprega a “preto de 700 persoas”.

Por último, a Asociación de Médicos Galegos (Asomega), que recibirá esta distinción xusto o ano no que celebra o seu 30º aniversario. Tal e como explicou Rueda trátase dunha entidade “que aglutina profesionais da medicina vencellados a Galicia”, que promove a investigación e que, na actualidade, conta con membros “nos cinco continentes”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Medalla Castelao é unha condecoración de carácter civil outorgada pola Xunta de Galicia ás personalidades e institucións que destacan polo seu traballo no eido artístico, literario, deportivo, económico ou intelectual. "A gala de entrega celebrarase o vindeiro 28 de xuño, como todos os anos, coincidindo co aniversario da aprobación do plebiscito do primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia e do regreso a Galicia dos restos mortais de Castelao", explicou o presidente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA EXECUCIÓN DO PLAN TERRITORIAL DE CASCOS HISTÓRICOS E VILAS TERMAIS CUN NOVO INVESTIMENTO DE 5,7 M€ NUNHA TRINTENA DE CONCELLOS

- O Consello autoriza os tres últimos convenios para que distintos municipios desenvolvan os seus plans en destino entre 2024 e 2026 con fondos Next Generation
- En concreto, deuse luz verde á estratexia ‘Mar de Santiago: un percorrido marítimo fluvial’ con 1,7 M€ en Vilanova de Arousa, Catoira, Valga e Pontecesures
- Tamén se autorizou o convenio para o Plan centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra nos concellos de Ares, Ferrol e Valdoviño por 2 M€
- Outros 2 M€ son os que leva o convenio tamén autorizado para o ‘Plan en Ribeira Sacra. Compromiso coa mobilidade sustentable e a mellora continua’ en 25 concellos

O Consello da Xunta autorizou hoxe as tres últimas estratexias de sustentabilidade en destino incluídas no Plan territorial de sustentabilidade turística en cascos históricos e vilas termais deseñado pola Xunta con fondos Next Generation que se van desenvolver ata 2026. En concreto, autorizáronse os plans territoriais en destino Mar de Santiago: un percorrido marítimo fluvial; centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra e Plan Ribeira Sacra, que no seu conxunto contan cun investimento de 5,7 M€ e benefician unha trintena de concellos.

No que se refire convenio para desenvolver o Plan de sustentabilidade en destino Mar de Santiago: un percorrido marítimo fluvial, realízase coa Asociación Mar de Santiago e comprende os concellos de Vilanova de Arousa, Catoira, Valga e Pontecesures cun investimento global de 1,7 M€. A través deste plan buscarase a mellora da xestión turística do destino incrementando a calidade dos seus produtos e servizos turísticos incluíndo actuacións como recuperación e restauración de hábitats, posta en valor de recursos naturais, posta en marcha dun sistema de redución de consumo enerxético, creación de novas experiencias turísticas...

Tamén se autorizou o convenio coa Deputación da Coruña para levar a cabo o Plan centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra nos concellos de Ares, Ferrol e Valdoviño por un investimento de 2 M€. Ao abeiro deste plan inclúense, entre outras accións, a creación de aparcamentos disuasorios no centro histórico de Ferrol, así como unha especial atención ás baterías militares de Ferrolterra, e posta en valor do patrimonio militar da zona, creación e sinalización de camiños ciclables, mellora de iluminación eficiente, entre outras.

O terceiro convenio autorizado hoxe é o que se asina co Consorcio de Turismo de Ribeira Sacra por 2 M€ para impulsar a mobilidade sustentable e mellora nos concellos de Pobra do Brollón, A Peroxa, A Pobra de Trives, A Teixeira, Bóveda, Carballedo, Castro Caldelas, Chandrea de Queixa, Chantada, Esgos, Manzaneda, Monforte de Lemos, Montederramo, Nogueira de Ramuín, O Pereiro de Aguiar, O Saviñao, Pantón, Parada de Sil, Paradela, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, San Xoán de Río Sober, Taboada e Xunqueira de Espadanedo. Inclúe, entre outras actuacións, melloras nos aparcamentos,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

posta en marcha de servizos lanzadeira, adaptación de infraestruturas, puntos de observación astronómicos ou rutas de mobilidade sustentable para visitantes. Tamén se prevé a mellora da eficiencia enerxética en recursos turísticos e desenvolvemento de novos produtos, entre outras.

Ata 2026

Coa autorización destes tres convenios, a Xunta de Galicia ten en marcha xa os oito plans en destino incluídos no Plan territorial de sustentabilidade turística vilas termais e cascos históricos, plan que conta cun investimento global de 23 M€. Así, ademais destes tres, xa están autorizados un levado a cabo coa Deputación de Ourense e os do centro histórico de Betanzos, da vila de Bouzas (en Vigo), o de Tui e *Allariz destino sustentable*. Este plan territorial inclúe, ademais destas estratexias, a posta en marcha de medidas destinadas ao sector e o concellos, a través de liñas de axudas que se irán deseñando ao longo deste ano.

O Plan de vilas termais e cascos históricos é o terceiro que a Xunta de Galicia pon en marcha cos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia para aproveitar o financiamento europeo, tras o Plan territorial de sustentabilidade turística do litoral (2022-2024) e o de enogastronomía (2023-2025). Todos eles suman un investimento de máis de 87 M€ de fondos europeos en plans territoriais para seguir afondando na sustentabilidade do destino galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA NOVA CONCESIÓN DE TRANSPORTE REGULAR QUE COBRE A CORUÑA, LUGO E A MARIÑA CUN IMPORTE DE 4,7M€

- O orzamento para garantir este servizo público ascende a 4,7 millóns de euros
- Incorpora os primeiros servizos 'Intercity Express' que conectarán as cidades da Coruña e Lugo con cinco autobuses máis e novas expedicións ao longo da semana
- O contrato prolongarase ata 2030 e incrementará o número de autobuses para darlle cobertura ao medio cento de concellos que abarca

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a contratación da concesión de servizo público de transporte regular de viaxeiros por estrada XG635 -A Coruña-Lugo-A Mariña, cos anexos- cun orzamento de 4,7 millóns de euros. A concesión incorporará os primeiros servizos *Intercity Express* previstos pola Xunta para reforzar as conexións directas entre as principais cidades de Galicia. O valor estimado do contrato supera os 38 millóns de euros.

A nova licitación mantén os servizos actuais e reforza coa liña *Intercity Express* a conexión directa entre A Coruña e Lugo cun incremento de tres autobuses de máis de 55 prazas. De luns a venres haberá, a maiores dos que xa funcionan, oito novos servizos de ida e outros tantos de volta, asegurando así un servizo cada hora por sentido entre as 6,30 e as 21,15 horas. Os sábados súmanse dous servizos de ida e dous de volta, e os domingos e festivos prestarase un servizo máis en cada sentido.

A implantación destes servizos Express supón un aumento porcentual nos servizos do 25% e sumará 4.320 expedicións anuais nun servizo que se prevé chegará aos preto de 460.000 viaxeiros ao ano no 2025.

A maiores destas cidades, este servizo de explotación, cuxa vixencia se prevé estender ata 2030, inclúe os concellos coruñeses de Aranga, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Bergondo, Betanzos, Cedeira, Cerdido, Coirós, Ferrol, Mañón, Moeche, Narón, Neda, Oleiros, Ortigueira, Sada e San Sadurniño, así como os lugueses da Pastoriza, A Pontenova, Abadín, Barreiros, Begonte, Burela, Castro de Rei, Cervo, Foz, Guitiriz, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Muras, O Vicedo, Oureiro de Rei, Pol Rábade, Ribadeo, Riotorto, Trabada, Vilalba, Viveiro, Xermade e Xove. Dado o seu tránsito polo límite autonómico entre Galicia e Asturias, inclúense tamén paradas en San Tirso de Abres e Vegadeo.

Segundo os datos rexistrados en 2023, a demanda real neste case medio cento de concellos aproxímase aos 371.500 viaxeiros ao ano, polo que a nova concesión impulsará os servizos con cinco vehículos máis, alcanzando os 22 autobuses, e a contratación doutros tantos condutores, ademais dos previstos para reforzar as conexións entre A Coruña e Lugo.

A concesión que se prevé licitar enmárcase no Plan de Transporte Público de Galicia, co que a Xunta avanza na consecución dun modelo de mobilidade optimizado, moderno,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

intelixente e responsable coa poboación galega e co medio natural. A importancia estratéxica do transporte público fai precisa unha actualización constante que atenda as demandas reais e se adapte ás características territoriais, conxugando as necesidades rurais e urbanas de xeito que cada galego e galega, alí onde residan, dispoñan dun medio de transporte público accesible.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTUALIZARÁ AS LIÑAS E MEDIDAS DA ESTRATEXIA GALEGA DE CAMBIO CLIMÁTICO E ENERXÍA TRAS EXECUTAR EN CATRO ANOS MÁIS DO 90 % DA PLANIFICACIÓN PREVISTA

- O Consello autorizou iniciar a elaboración do novo Plan rexional integrado de clima e enerxía 2024-2030, co reto de acelerar a consecución da neutralidade climática e consolidar a posición da comunidade como a que máis CO₂ absorbe de todo o país
- No período 2019-2023, Galicia avanzou de forma notable na loita contra o quecemento global, con 139 medidas desenvolvidas e un investimento de 1.140 M€
- Desde a aprobación da EGCCE, as emisións netas de gases de efecto invernadoiro baixaron en Galicia un 19,5 %, tres veces máis que a media española e que a europea
- As prioridades para o futuro serán afondar na mitigación dos gases contaminantes para equilibrar as emisións e as absorcións e apostar pola resiliencia do territorio e a adaptación dos sectores primarios máis afectados polos efectos do cambio climático

A Xunta elaborará este ano unha nova planificación integrada con medidas transversais para continuar co desenvolvemento da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 (EGCCE 2050), o que permitirá á vez actualizar e revisar as liñas e medidas desta folla de ruta, aprobada en outubro do ano 2019, tras constatar que máis do 90 % da planificación e dos investimentos inicialmente previstos xa foron executados.

Cómpre lembrar que, despois da aprobación da EGCCE 2050, se estableceu un primeiro horizonte temporal máis curto para a súa posta en práctica, que se plasmou no chamado Plan rexional integrado de enerxía e clima 2019-2023.

Durante este período, leváronse a cabo 139 medidas específicas nos eidos da mitigación das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI), da adaptación aos seus impactos, da investigación das posibles causas e efectos e da sensibilización social, cun investimento executado de 1.140 millóns de euros —o 91 % do orzamento asignado a todo o plan— que contribuíron a que Galicia lograra avances notables nesta materia.

Precisamente e unha vez finalizado este primeiro período de execución, o Consello da Xunta tomou hoxe razón dun informe da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en que, por un lado, se fai balance dos avances acadados nos últimos anos e por outro, se aproba a elaboración do II Plan rexional integrado de enerxía e clima 2024-2030, que se ocupará de manter a Galicia na mesma senda e de acelerar a consecución do obxectivo da neutralidade climática, en todo caso, antes de 2050.

Neste sentido, a aposta da Xunta por equilibrar as emisións e as absorcións de gases GEI a través de sistemas naturais xa se reflicte en estatísticas importantes que a sitúan nunha posición destacada tanto a nivel nacional como mesmo europeo.

Así, Galicia é a comunidade que experimentou unha maior redución das emisións contaminantes netas —un 59,8 %— respecto a 1990, ano que se toma como referencia a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

nivel mundial para as políticas climáticas, e tamén demostrou ter a maior capacidade de absorción de CO₂ de todo o país –1 de cada 5 toneladas capturadas en España–.

Ademais, analizando só a evolución dos niveis GEI desde 2019, ano de aprobación da EGCCE, o comportamento galego foi tamén mellor que o do Estado e que o da UE. De feito, mentres que en 2022 (último dato dispoñible) Galicia reduciu as súas emisións netas contaminantes nun 19,5 %, en España baixaron un 6 % e na Europa dos 27 un 6,1%; é dicir, que a mitigación na comunidade galega avanza a un ritmo 3 veces maior.

Así mesmo, grazas ás medidas xa implantadas e executadas ata agora estase a contribuír a aumentar a resiliencia do territorio fronte ao cambio climático; a desenvolver unha xestión adaptativa que garanta o posicionamento de sectores relevantes para Galicia nun futuro; a aumentar a capacidade de investigación en materia de cambio climático; a garantir o compromiso da Administración pública galega con estas políticas, e a incidir na educación e concienciación social fronte a este fenómeno.

Da análise do primeiro plan, conclúese, tamén, que os avances máis importantes nos últimos catro anos se acadaron no ámbito da mitigación. Cun total de 52 medidas desenvolvidas, a maior execución orzamentaria corresponde a esta liña de acción da EGCCE, con 741,6 millóns de euros investidos desde 2019 para, entre outras medidas, aumentar as alternativas de transporte dispoñibles a prol da mobilidade sustentable.

A continuación destacan as 44 medidas de adaptación ao cambio climático executadas, con 338,3 millóns investidos, principalmente, no eido da xestión forestal para aproveitar o potencial dos montes galegos como sumidoiros de carbono naturais. Por último, tamén se destinaron 35,8 millóns de euros a implementar 24 medidas no bloque da gobernanza e da sensibilización social, incidindo, por exemplo, no papel que debe ter a Administración pública ante o cambio climático; e outros 23,4 millóns a executar 19 accións para fomentar a investigación e o intercambio de coñecementos nesta materia.

Nova programación temporal

De cara ao próximo horizonte temporal e tendo en conta que a propia Estratexia de cambio climático e enerxía foi concibida como un instrumento sometido a avaliación continua para introducir os axustes necesarios, a Xunta abordará este ano a súa execución e actualización a través do II Plan rexional integrado 2024-2030.

Neste sentido e aínda que as medidas concretas están aínda por definir, no novo período reforzarase o papel da Comisión interdepartamental para o impulso e coordinación da EGCCE co fin de afianzar o seu carácter transversal e fomentar a cooperación entre todos os axentes e departamentos da Xunta implicados nela.

Igualmente, reforzarase a coordinación coas administracións locais a través da Rede local polo clima e co tecido económico e social mediante a Alianza Galega polo Clima, no compromiso conxunto de avanzar na acción climática.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De igual xeito, o novo plan terá como prioridades afondar na mitigación dos gases de efecto invernadoiro para equilibrar a diferenza entre as emisións e as absorcións, apostar pola adaptación dos sectores primarios máis afectados polos efectos do cambio climático, reforzar a resiliencia do territorio urbano e rural e impulsar medidas que reduzan as súas consecuencias para a saúde humana.

O obxectivo da Xunta é que este II Plan rexional integrado de enerxía e clima 2024-2030 sexa elaborado pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, en colaboración coa dita comisión interdepartamental, nos vindeiros meses; e que poida aprobarse no último trimestre do ano para comezar de inmediato coa súa execución.

Galicia, pioneira na loita contra o cambio climático

A Xunta impulsou a EGCCCE 2050 no ano 2019 como un instrumento planificador para blindar o futuro da Galicia verde. De feito, foi no seu momento unha ferramenta pioneira, que logrou situar a comunidade á vangarda da loita contra o quecemento global e da transición enerxética ao convertela nunha das primeiras rexións europeas en fixar por escrito o seu compromiso co obxectivo da neutralidade climática.

Desde entón e de forma complementaria, a Xunta traballou para dotarse doutros instrumentos estratéxicos de planificación sectoriais e cunha incidencia directa a positiva nos grandes obxectivos da EGCCCE 2050. Entre eles, cómpre salientar a Estratexia galega de economía circular 2020-2030, o Pacto das alcaldías polo clima e a enerxía, do que o Goberno galego exerce o papel de coordinadora na comunidade, e a Alianza galega polo clima, que nestes momentos aglutina xa 140 entidades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA PARA O VINDEIRO CURSO A POSTA EN MARCHA DO PLAN FPGAL360, DOTADO CON 24 M€ ATA 2028, CO OBXECTIVO DE REDUCIR O ABANDONO ESCOLAR E ORIENTAR PROFESIONALMENTE Á MOCIDADE

- Destaca que a idea é “conseguir que o 100 % dos rapaces galegos sigan formándose ata, polo menos, cumprir os 18 anos”, así como “atraer de novo ao sistema educativo a persoas con baixa cualificación ou que queren mellorar a que teñen”
- O plan inclúe máis de 60 medidas de actuacións dirixidas a alumnado e profesorado, así como para a poboación sen cualificación de entre 24 e 34 anos
- Trabállase para reducir a cero a taxa de abandono temperá e que o 100 % dos rapaces sigan formándose ata, polo menos, cumprir a maioría de idade
- Tamén se busca atraer de novo ao sistema educativo aquelas persoas con baixa cualificación co fin de enriquecer a súa formación e xerar oportunidades profesionais

O titular da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta de Galicia porá en marcha o vindeiro curso o Plan FPGal360 de orientación profesional integral, dotado con 24 M€ ata 2028. Unha medida que, tal e como apuntou, conta cun dobre obxectivo: “conseguir que o 100 % dos rapaces galegos sigan formándose ata, polo menos, cumprir os 18 anos e atraer de novo ao sistema educativo a persoas con baixa cualificación ou que queren mellorar a que teñen”, sinalou.

Trátase por tanto, de reducir o abandono escolar na comunidade, a pesar de que Galicia está en “mínimos históricos” na taxa de abandono temperá (8,8%) - adiantándose sete anos ao obxectivo do 9 % fixado pola UE para 2030- fronte ao 13,6% do conxunto de España. “Queremos seguir avanzando e o ideal sería chegar á taxa de abandono escolar cero”, apuntou.

Neste sentido, o Consello da Xunta celebrado esta mañá aprobou o plan da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, consistente en 60 accións específicas, co fin de establecer un sistema integral de orientación profesional que guíe e acompañe a cidadanía na súa toma de decisións educativas e profesionais desde idades temperás e ao longo de toda a vida.

Así pois, mediante o FPGal360, a Xunta de Galicia ofrecerá unha orientación profesional integral que lles ensine ás persoas a planificar e tomar decisións sobre a súa vida laboral e a formación que implica.

Isto suporá implantar un conxunto de servizos dirixidos a axudar ás persoas de calquera idade -especialmente para os máis novos e persoas con baixa cualificación- e en calquera momento das súas vidas a tomar decisións axeitadas a nivel educativo, formativo e laboral, a xestionar a súa traxectoria profesional creando o seu itinerario formativo; a reflexionar sobre as súas ambicións e intereses e a súa cualificación e capacidade, e a comprender o funcionamento do mercado laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Alfonso Rueda apuntou que as actuacións previstas no plan artéllanse en “tres eixos” que inclúen “o alumnado que está actualmente dentro do sistema educativo, uns 230.000; a mocidade que abandonou este sistema e que cómpre recuperar, uns 80.000 mozos de 24 a 34 anos con baixa cualificación; e a poboación en xeral que queira ampliar a súa formación para mellorar a súa inserción laboral”, sinalou.

Fomentar a continuidade na formación

O primeiro dos eixos abrangue iniciativas concretas dirixidas a “fomentar a continuidade dos rapaces no ensino” e, deste xeito, reducir a mínimos o abandono escolar temperá. Isto é, que o alumnado perciba que continuar a súa formación dentro do sistema sexa unha oportunidade para unha mellor cualificación.

Para iso establécense catro liñas e 15 medidas entre as que destacan a elaboración de novos programas de orientación profesional e vocacional e de materiais de apoio á labor orientadora; o reforzo da FP básica coa actualización da oferta e a mellora de recursos; actuacións para reducir o abandono escolar nos colectivos máis desfavorecidos; impulso da formación especializada en orientación profesional, incidindo nas potencialidades da FP básica, e enquisas para alumnado e familias como ferramenta para a mellora da toma de decisións.

O segundo céntrase en “potenciar un sistema de orientación vocacional e profesional que conduza á inserción laboral efectiva”, a través de cinco liñas de actuación e 30 medidas específicas recollidas no plan. Entre elas destaca a creación do Espazo e da Rede FPOrienta, a difusión e promoción das novas tecnoloxías, innovación aplicada á orientación profesional e formación especializada en orientación profesional e vocacional, entre outros.

Itinerarios formativos atractivos

O terceiro eixe do plan diríxese a “facilitar a cualificación e titulación da mocidade galega” desde o sistema educativo, con itinerarios atractivos e que supoñan unha porta profesional e persoal de futuro.

A través de catro liñas e 15 medidas impulsaranse a coordinación e colaboración entre os distintos axentes para a cualificación da poboación. Ademais, reforzarase a capacitación profesional a través do procedemento de acreditación de competencias profesionais, a orientación profesional nos centros de educación permanente de alumnos e o desenvolvemento de accións formativas especializadas que respondan ás demandas específicas do tecido produtivo.

Estes tres eixos desenvolveranse a través da colaboración público-privada, coa participación doutros departamentos da Xunta de Galicia, así como de asociacións e outras entidades implicadas na orientación profesional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre as liñas de actuación globais, ao abeiro deste plan, a Consellería de Educación reforzará a información e formación dirixidas ao persoal orientador dos centros educativos e aos equipos directivos e docentes.

No caso do alumnado, incidirase en facilitar información e orientación ao alumnado desde idades temperás e deseñaranse actuacións específicas dirixidas ao alumnado vulnerable, con especiais necesidades de aprendizaxe ou en risco de abandono.

Recuperar a persoas que abandonaron o sistema

Tamén se atenderá especificamente ao alumnado que abandonara o sistema educativo sen acadar unha titulación, co fin de recuperalos e darlle unha nova oportunidade de formación e, deste xeito, que melloren as súas oportunidades e expectativas laborais.

Outras liñas de traballo irán dirixidas a actuacións sobre a poboación que non conta con formación acreditada, con propostas específicas, sobre todo con especial atención á mocidade que se atope nesta situación.

O Plan FPGal360 recollerá tamén unha epígrafe de asesoramento personalizado e orientación profesional para colectivos de persoas desempregadas que participen en procesos de acreditación de competencias adquiridas por experiencia laboral.

No período de vixencia do plan, entre este ano e o 2028, o conxunto de medidas que se van poñer en marcha suporán un investimento global de 24 M€, nove dos cales se farán efectivos durante o presente exercicio 2024.

A posta en marcha deste plan enmárcase na Estratexia de formación profesional Galicia 2030, que ten entre os seus eixes a orientación profesional á cidadanía na creación dun itinerario personalizado de formación para o emprego e a difusión das oportunidades da formación, adquisición de competencias e recoñecemento delas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGARÁ 100.000 EUROS PARA QUE MÁIS DUN CENTENAR DE NENOS SAHARAUÍS PASEN O VERÁN CON FAMILIAS GALEGAS

Asinarase un novo convenio coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (Sogaps) para dar continuidade ao programa 'Vacacións en Paz'

O Consello da Xunta deu luz verde a un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (Sogaps) para dar continuidade ao programa 'Vacacións en Paz'. Destinaranse 100.000 euros para que máis dun centenar de nenos saharauís procedentes dos campamentos de refuxiados de Tinduf (Alxeria) pasen o verán acollidos por familias galegas.

Este programa permite aos menores desfrutar de alternativas de lecer e tempo libre, facilítaselles a asistencia médica que precisen e poderán familiarizarse coa cultura e linguas galega e castelán. Ademais, evítase que en plena época estival os nenos se encontren nun campamento de refuxiados onde as temperaturas poden superar os 50 graos centígrados.

O programa 'Vacacións en Paz' leva desenvolvéndose desde hai máis de 30 anos. O convenio prevé o pagamento anticipado do 100 % da axuda concedida para que Sogaps conte coa liquidez suficiente para desenvolver esta iniciativa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA CUN PROGRAMA EXTRAORDINARIO DE MEDIDAS A SEGURIDADE INDUSTRIAL NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

- A Consellería de Economía e Industria desenvolverá un amplo abano de actuacións ao longo do ano 2024 co obxectivo de mellorar e fortalecer a seguridade industrial en Galicia
- Entre as medidas inclúense un Plan extraordinario de inspección que complementa o que xa está en vigor para 2024 ou a posta en marcha do Consello Galego de Seguridade Industrial entre outras

O Consello da Xunta deu conta esta mañá do programa extraordinario de medidas en materia de seguridade industrial que a Consellería de Economía e Industria vai desenvolver no ámbito autonómico ao longo deste ano 2024.

A seguridade industrial comprende aquelas actividades de prevención e limitación de riscos, ou protección contra accidentes e sinistros que poden producir danos e perdas ás persoas, os bens ou o ambiente, derivados da actividade industrial ou do uso, funcionamento e mantemento das instalacións ou dos equipos e da produción, almacenamento ou refugallo de produtos industriais.

Este programa extraordinario ten o obxectivo de mellorar e fortalecer a seguridade industrial na Comunidade Autónoma e inclúe entre as novas medidas: o Plan de inspección para o ano 2024 que se complementará cun plan extraordinario de inspección sobre seguridade industrial; actuacións de fomento e difusión da seguridade industrial en Galicia; procedementos de regularización administrativa de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial; ou a posta en marcha do Consello Galego de Seguridade Industrial.

Plans de inspección

A semana pasada o *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publicaba o Plan de inspección de seguridade industrial para 2024 que xa está en vigor e que establece máis de 1.400 controis co obxectivo de comprobar a adecuación dos establecementos, instalacións, actividades e produtos respecto dos regulamentos de seguridade industrial e normativas que lles sexan aplicables. Este plan está composto por catro programas de inspección: instalacións sometidas a regulamentos de seguridade (instalacións eléctricas, ascensores, estacións de servizo ou instalacións térmicas en edificios, entre outros); empresas instaladoras ou de mantemento no ámbito da seguridade industrial; accidentes graves; e empresas de bronceado.

A maiores este ano, a Xunta desenvolverá un plan extraordinario de inspección que complementa o xa publicado, reforzando as actuacións anuais de inspección. Trátase en definitiva, de colaborar coas empresas e coas persoas traballadoras na detección de posibles incidencias que poidan supoñer riscos para a seguridade das persoas ou dos bens.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, en canto ás actuacións de fomento e difusión, a Consellería de Economía e Industria acaba de asinar un convenio de colaboración co Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, a través do que se se desenvolverán actividades de concienciación e sensibilización da sociedade sobre a importancia da seguridade industrial; e realizaranse xornadas de divulgación ou guías didácticas, entre outras actuacións.

Ademais, co fin de garantir a seguridade dos bens e das persoas, tamén se recolle o establecemento dun mecanismo que permita regularizar e rexistrar aquelas instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial e que por diversas razóns non constan nos rexistros administrativos.

Finalmente, no marco tamén destas medidas de reforzo e en cumprimento do compromiso do Goberno galego de impulsar a colaboración público privada neste ámbito, a Xunta vai poñer en marcha o Consello Galego de Seguridade Industrial que funcionará como canle de comunicación entre os axentes públicos e as entidades privadas e articulará medidas para a prevención e a mellora de riscos nas instalacións industriais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA A TERCEIRA CONVOCATORIA DOS BONOS DIXITAIS, QUE PERMITIRÁ SUBVENCIONAR A CONEXIÓN Á INTERNET A PRETO DE 5.000 PERSOAS VULNERABLES

- Esta terceira liña de axudas conta cun orzamento de 1,16 millóns de euros
- As axudas están destinadas tanto para a contratación como para o mantemento de servizos de banda ancha cunha velocidade mínima de 30 Mbps durante un ano
- Os bonos permitirán unha redución mensual de ata 20 euros no custo do servizo e poderán solicitarse ata o 30 de setembro, logo da publicación da convocatoria no DOG

O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a terceira convocatoria dos bonos dixitais para facilitar a contratación e mantemento de servizos de internet a familias e persoas vulnerables. Enmarcada no programa estatal ÚNICO Bono Social, esta nova liña de axudas conta cun orzamento de 1,16 millóns de euros que permitirá acadar os 4.844 beneficiarios.

O obxectivo dos bonos dixitais é facilitar a familias ou persoas vulnerables a contratación ou o mantemento das liñas de conexións á banda larga cunha velocidade mínima de 30 Mbps. As axudas reducirán o custo mensual de factura en ata 20 euros durante un ano cun importe total máximo de 240 euros.

Os beneficiarios destas subvencións son persoas cuxa renda anual sexa inferior ao 125 % do IPREM, en caso de non ter menores na unidade familiar, ou ao 175 % en caso de telos. Son, fundamentalmente, beneficiarios de Risga, do ingreso mínimo vital, así como outras familias con poucos recursos ou en risco de exclusión social. Unha vez publicada a convocatoria no DOG, os bonos poderán solicitarse ata o 30 de setembro deste ano.

Nova convocatoria en 2024

A Xunta lamenta que debido ao deseño do programa ÚNICO, fixado de xeito unilateral polo Goberno central sen ter en conta as características e necesidades de cada comunidade, nas convocatorias dos anos 2022 e 2023 se concederon unicamente 900 bonos dixitais por importe de 216.000 euros.

Por esa razón, o Goberno galego prevé lanzar unha nova convocatoria dos bonos dixitais este ano, xa que aínda dispón de 1.162.560 euros dos 1.378.560 euros transferidos polo Estado, o que confirma a falta de adecuación dos obxectivos dos fondos ao que realmente precisa a poboación. Isto complica a execución dos programas en tempo e forma, polo que a Xunta insiste na petición feita no marco da Conferencia sectorial para a transformación dixital do pasado mes de maio para ampliar o prazo e adaptar as actuacións e poder deste xeito executar adecuadamente os proxectos para a mellora da conectividade.

Os bonos dixitais son unha das medidas predefinidas polo Goberno de España para a mellora da conectividade no territorio. Ademais desta liña de axudas para colectivos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vulnerables, este ano a Xunta porá en marcha novas convocatorias do programa ÚNICO no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, a través do cal Galicia recibe 19,1 millóns de euros para reforzar a conectividade en áreas empresariais e centros loxísticos; e en centros públicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA O PROCEDEMENTO PARA CONTRATAR NOVOS CONTIDOS PARA A EDUCACIÓN DIXITAL A PARTIR DO CURSO 24-25

- O Consello de Goberno autoriza a licitación de tres lotes diferentes de contidos dixitais para as diferentes materias entre 5º de primaria e 4º da ESO
- Os contratos suman un valor estimado de case 10,3 millóns de euros (IVE incluído) para os catro anos aos que se pode chegar coa prórroga prevista
- A Xunta aposta por un modelo híbrido de aprendizaxe onde os centros combinan voluntariamente o dixital e o analóxico

A Xunta de Galicia destinará un máximo de 10,295 millóns de euros á contratación de tres lotes diferentes de contidos dixitais para as diferentes materias dos currículos educativos dos cursos entre 5º de primaria e 4º da ESO. O Consello de Goberno aprobou hoxe a activación do procedemento para a contratación destes contidos, que inclúen as modificacións previstas e serán postos á disposición da comunidade educativa non universitaria que participa no proxecto Abalar E-Dixgal. O contrato convócase para dous anos que se poderán prorrogar dous máis.

A posta en marcha deste procedemento é o resultado do acordo de colaboración que a Consellería e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia asinaron o pasado 23 de maio. Os asinantes comprometéronse a impulsar o programa de educación dixital E-Dixgal como parte do modelo de ensino híbrido de Galicia, que combina métodos dixitais con outros analóxicos.

Esta iniciativa mantén e reforza o principio de autonomía dos centros, que a emprega voluntariamente, e permite o emprego de contidos dixitais de calidade nos seus proxectos educativos. Ademais, incide na vontade política do Goberno galego de dispoñer dun modelo educativo eficiente e de calidade, que ademais redunde en beneficios para as familias pola previsible redución dos custos de adquisición de libros de texto.

O persoal docente disporá nas súas materias de contidos dixitais de tres editoriais distintas, adaptados aos currículos oficiais e totalmente integrados tanto no Contorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) como nas diferentes ferramentas e utilidades da plataforma de educación dixital de Galicia. Estarán adaptados ao Decreto para o plurilingüismo no ensino e os adxudicatarios dos diferentes lotes comprometeranse a manter os contidos adaptados tamén á lexislación vixente en cada momento do contrato.

Cada unidade didáctica, que poderá estar formada por todo tipo de recursos multimedia, contará cun resumo en formato imprimible que facilite o repaso dos contidos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O servizo incluíra a formación das persoas usuarias, así como o soporte e mantemento do sistema. Haberá persoal especializado á disposición dos centros que mesmo se poderá desprazar ata eles se é necesario.

Galicia foi unha das primeiras comunidades autónomas en dispoñer dunha estratexia de incorporación das tecnoloxías no proceso educativo, a través do programa Abalar. Grazas a isto, practicamente todas as aulas-grupo dos centros públicos van contar con paneis interactivos e a práctica totalidade dos centros xa dispoñen dunha conexión de internet de 1 Gbps con cobertura de wifi en todas as instalacións docentes.

Máis de 600 centros educativos de Galicia que contan con proxectos de educación dixital integrados en E-Dixgal, dos que se benefician máis de 64.500 estudantes. O proxecto de educación dixital de Galicia permitiu, así mesmo, a construción colaborativa dun repositorio no portal espazo-Abalar de cerca de 3.000 contidos dixitais libres, en sete idiomas e para diferentes niveis educativos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE EXECUCIÓN DUNHA GLORIETA NA ESTRADA AUTONÓMICA LU-903 EN DOADE, NO CONCELLO DE SOBER

- Esta actuación conta cun investimento duns 410.000 euros e facilitará os movementos de forma máis áxil e segura na intersección entre a LU-903 e a estrada provincial
- Autorízanse as expropiacións para executar unha glorieta de 28 metros de diámetro á altura do quilómetro 12+780 da vía da Xunta, permitindo regular a intersección actual dun modo máis funcional e seguro, contribuíndo, ademais, á redución da velocidade nesa contorna
- A previsión é convocar as expropiacións no segundo semestre deste ano, co obxectivo de licitar e executar as obras no 2025
- O Goberno galego segue mellorando a rede viaria autonómica para reforzar a seguridade viaria e a comodidade dos usuarios, así como para impulsar unha mobilidade máis sustentable

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación do proxecto de execución dunha glorieta na estrada LU-903 en Doade, no concello de Sober.

O Goberno galego destinará preto de 410.000 euros a esta actuación que facilitará os movementos de forma máis áxil e segura na intersección entre a vía autonómica LU-903 e a estrada provincial LU-P-5903, en Doade.

A aprobación definitiva deste proxecto de mellora da seguridade viaria leva tamén aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos 17 terreos necesarios para executar esta intervención.

En concreto, o proxecto autorizado hoxe consiste na execución dunha nova glorieta á altura do punto quilométrico quilómetro 12+780 da LU-903, que terá un diámetro de 28 metros e permitirá regular a intersección actual dun modo máis funcional e seguro, contribuíndo, ademais, á redución da velocidade nesa contorna.

A intervención completárase coa continuación das beirarrúas existentes, cara á marxe dereita da estrada autonómica e cara á vía provincial.

Ademais, nos treitos anexos á glorieta e nos que non se habilite beirarrúa disporanse gabias transitables de seguridade, cun ancho variable, entre 1 e 1,5 metros.

A intervención completárase con obras de drenaxe, dispoñendo en ambas as marxes da estrada canalizacións das augas da chuvia; dotando de alumeadado público, coa colocación de 14 luminarias LED; e rematando coa completa sinalización da glorieta, vertical e horizontal, balizamento e instalación de barreira de seguridade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas realizará a convocatoria dos actos expropiatorios no segundo semestre deste ano, para licitar e executar as obras no 2025. A actuación ten un prazo de execución de 6 meses.

O Goberno galego continúa traballando na mellora da rede viaria autonómica para reforzar a seguridade viaria e a comodidade dos usuarios, así como para impulsar unha mobilidade máis sustentable.

Situación e imaxes da actuación aprobada hoxe no Consello da Xunta:



Nova actuación



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSULTIVA DE URBANISMO EMITE NO ÚLTIMO ANO 80 INFORMES, AXILIZANDO A TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS URBANÍSTICOS DOS CONCELLOS E REFORZANDO A SEGURIDADE XURÍDICA NESTE EIDO

- A memoria anual deste órgano autonómico reflicte a súa consolidación na axuda á interpretación da lexislación urbanística ás entidades públicas e privadas nos procedementos urbanísticos, a obtención de permisos e licenzas, así como para a promoción de instrucións que faciliten a aplicación práctica
- A través da Xunta consultiva a resolución de dúbidas interpretativas relacionadas cun eido complexo e sensible como o urbanístico reforzando a seguridade xurídica ás distintas administracións e as actividades produtivas que precisan, para o seu inicio ou continuidade, a tramitación de diferentes expedientes
- O Pleno da Xunta Consultiva informou favorablemente o Plan básico municipal do Páramo e o proxecto de terminal de autobuses integrada na área intermodal de Lugo, de carácter preceptivo en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese
- A memoria de 2023 recolle entre as medidas para a mellora da eficacia da ordenación do territorio e no urbanismo a modificación do regulamento da Lei do solo de Galicia que xa está en marcha e a tramitación da regulación ás actividades das entidades de certificación municipal
- Todos os informes adoptados figuran publicados no novo Portal de territorio e urbanismo na web da Xunta, o que contribuirá a acadar unha maior transparencia e publicidade na interpretación e aplicación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo

A Xunta Consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo emitiu no ano 2023 un total de 80 informes, cumprindo o obxectivo de dinamizar e axilizar a tramitación dos asuntos relacionados coa ordenación do territorio e o urbanismo aos concellos, axentes sociais e económicos, así como aos distintos departamentos da administración autonómica.

O Goberno galego coñeceu hoxe o balance de actividade do ano 2023 deste órgano consultivo, dependente da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas posto en marcha pola Xunta hai dous anos, para facilitar a aplicación práctica da normativa urbanística en vigor e axudar na resolución de dúbidas interpretativas relacionadas cun eido complexo e sensible como o urbanístico, reforzando así a seguridade xurídica nesta materia.

A memoria anual evidencia a consolidación deste órgano de ámbito autonómico, entre as que destacan as súas funcións de emitir informes preceptivos sobre proxectos normativos relacionados coa ordenación do territorio e o urbanismo, aclarar e axudar a interpretar a lexislación urbanística vixente a aquelas entidades públicas e privadas que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

no exercicio da súa actividade deben tramitar expedientes urbanísticos ou obter permisos e licenzas. Tamén permite promover instrucións interpretativas que faciliten a aplicación práctica da normativa.

Neste eido, cómpre poñer de manifesto que moitas actividades produtivas precisan, para o seu inicio ou continuidade, a tramitación de diferentes expedientes administrativos que teñen por finalidade a obtención dun permiso, autorización ou licenza, polo tanto, expedientes administrativos necesarios para a realización de actividades económicas. A Xunta Consultiva está a contribuír á axilización dos referidos expedientes na medida en que se presta colaboración ante as dúbidas e cuestións que poden suscitarse na súa tramitación.

Ao longo do pasado ano, no marco da actividade desenvolvida pola Xunta Consultiva celebráronse un total de doce sesións: dúas do Pleno e dez da Comisión Permanente. En conxunto, emitíronse en total 80 informes, na súa maior parte elaborados por petición de entidades municipais, pero tamén por instancias de colexios profesionais, empresas e outros departamentos autonómicos.

Cabe salientar que o Pleno da Xunta Consultiva de Ordenación do Territorio e Urbanismo informou favorablemente o Plan básico municipal do Páramo e o proxecto de terminal de autobuses integrada na área intermodal de Lugo. Estes informes teñen así carácter preceptivo e están previstos na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

A actividade desenvolvida pola Xunta Consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo en 2023 supuxo ademais un incremento notable respecto da realizada no ano anterior e puxo de manifesto un crecente interese dos distintos operadores que interveñen no eido da ordenación do territorio e urbanismo, en particular, dos concellos, nos pronunciamentos emitidos polo dito organismo.

A Comisión Permanente emitiu, maioritariamente, informes por petición das entidades locais. En concreto, 21 informes foron solicitados por concellos da provincia da Coruña, 12 pola de Lugo, 14 pola de Ourense e 23 pola de Pontevedra.

A nivel global, os informes emitidos pola Xunta Consultiva evidenciaron que os aspectos que, polo xeral, seguen a suscitar máis dúbidas son os relativos ao réxime das edificacións existentes de carácter tradicional do artigo 40 da Lei do solo de Galicia, as obras permitidas nas edificacións incursas no réxime de fóra de ordenación e desconformes co planeamento urbanístico previstas no artigo 90 da citada lei, así como as segregacións e parcelacións urbanísticas.

Tamén foron frecuentes as consultas relacionadas co réxime de usos admisibles no solo rústico e coa posibilidade de aplicar, con carácter complementario, o Plan básico

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

autonómico de Galicia, na súa función de suplir indeterminacións ou lagoas do planeamento municipal.

Moitas das consultas emitidas por este órgano consultivo derivaron no impulso da modificación de cuestións puntuais da Lei do solo de Galicia, que se levaron a efecto a través de última Lei de medidas fiscais e administrativas.

A memoria anual recolle, así, a proposta de medidas pertinentes para a mellora da eficacia da ordenación do territorio e no urbanismo. Entre estas, cabe subliñar a modificación do regulamento da Lei do solo de Galicia que xa está en marcha. A Xunta considera que esta modificación contribuirá a garantir a seguridade xurídica e a facilitar a aplicación da normativa e, en última instancia, a mellorar a eficacia do urbanismo.

Ademais, está a tramitarse un decreto polo que se regulan as actividades das entidades de certificación de conformidade municipal no ámbito urbanístico. Con esta regulación, a Xunta pretende axilizar, sen menoscabo da seguridade xurídica, o funcionamento das actuacións destas entidades e regular de maneira uniforme a forma de expedición dos certificados, a documentación urbanística que deben revisar e o establecemento dun mecanismo de conformidade dos concellos coas ditas entidades.

Por outra banda, nos informes emitidos pola Comisión Permanente en 2023 inclúense, entre outros, a Instrución interpretativa sobre o título habilitante exigible para a instalación de paneis solares térmicos ou fotovoltaicos para o autoconsumo, e sobre os requisitos para a implantación de instalacións para o aproveitamento de enerxía solar en solo rústico, adoptada conxuntamente coa Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

Todos os informes adoptados están publicados no novo Portal de territorio e urbanismo dispoñible na seguinte ligazón da páxina web da Xunta: <https://territoriourbanismo.xunta.gal/gl>, figurando nun lugar destacado, o que, sen dúbida, contribuirá a acadar unha maior transparencia e publicidade na interpretación e aplicación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE RIBADEO PARA O DESENVOLVEMENTO DO CENTRO QUE XESTIONA A ÁREA REXURBE DESTA MUNICIPIO

- A Xunta cofinanciará nun 60 % o funcionamento deste centro dependente do Concello, achegando un investimento de preto de 115.000 € para os anos 2024, 2025 e 2026
- As instalacións funcionarán como punto de información, asesoramento e xestión da área Rexurbe de Ribadeo para impulsar as actuacións de rexeneración e dinamización do ámbito
- O Concello de Ribadeo está incluído no programa Rexurbe polo que a Xunta, de forma directa e con cargo aos seus orzamentos, adquire e rehabilita vivendas emprazadas en conxuntos históricos
- A Xunta, no marco deste programa, adquiriu en 2022 tres inmobles nas rúas Bispo Veres e Trindade, tendo xa licitada a redacción dos proxectos de rehabilitación

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración co Concello de Ribadeo para o desenvolvemento dun centro que xestionará a área Rexurbe deste municipio.

A Xunta cofinanciará nun 60 % o funcionamento deste centro dependente do Concello, achegando un investimento de preto de 115.000 € para os anos 2024, 2025 e 2026.

O convenio establece que lle corresponde ao Concello a creación e xestión do centro Rexurbe, dotándoo dos medios materiais e humanos necesarios para atender as finalidades que lle encomenda a Lei de rehabilitación.

Estas instalacións funcionarán como punto de información, asesoramento, xestión, seguimento e difusión da área Rexurbe de Ribadeo, co obxectivo de impulsar as actuacións de recuperación, rexeneración e dinamización da área.

O centro deberá dispoñer do persoal necesario e un local accesible ao público, con entrada independente. Tamén contará cos programas informáticos compatibles coa plataforma informática de Rehabilitación que facilite o Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Área Rexurbe

Cómpre lembrar que a área Rexurbe do Concello de Ribadeo foi declarada polo Consello da Xunta do 29 de decembro de 2021 e o seu plan de dinamización foi aprobado en decembro de 2023. A área é coincidente coa do Plan especial de protección e rehabilitación do conxunto histórico, aprobado definitivamente polo Concello o 31 de maio de 2021.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As áreas Rexurbe poden declararse en ámbitos degradados cuxa delimitación coincida, total ou parcialmente, cun conxunto histórico declarado ben de interese cultural (BIC).

O Concello de Ribadeo está incluído no programa Rexurbe polo que a Xunta, de forma directa e con cargo aos seus orzamentos, adquire e rehabilita vivendas emprazadas en conxuntos históricos.

No marco deste programa, o Executivo autonómico adquiriu en 2022 inmobles nas rúas Bispo Veres, 2; Bispo Veres 4; e Trinidad, 32. A redacción dos proxectos de rehabilitación dos tres inmobles licitouse en febreiro por un importe de máis de 201.000€.

Ademais o Concello de Ribadeo conta con dúas áreas de rehabilitación integral, unha delas a do conxunto histórico da vila de Ribadeo, coincidente co ámbito da área Rexurbe, para a que existen dous convenios en execución por un importe total de 537.368 €.

A outra área de rehabilitación integral corresponde ao núcleo de Rinlo, estando en marcha dous convenios en execución por un importe total de 254.194 €.

Por outra parte, no marco do Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, financiadas con fondos europeos, ao Concello de Ribadeo correspondeulle un investimento de 450.000 €. A Administración local deberá realizar a convocatoria de axudas das que se poderán beneficiar inmobles emprazados dentro da delimitación da Área Rexurbe.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REÚNE 114 INICIATIVAS PARA A XUVENTUDE NUN MAPA DE RECURSOS

- O Consello dá o seu visto e praxe ao documento co que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude recompila os programas para a mocidade dos distintos departamentos do Goberno galego
- A ferramenta, que recolle axudas, bolsas formativas, cursos, premios ou guías, utilizarase nos puntos de información xuvenil, nos Espazos Xove e na Oficina Virtual
- Será actualizado periodicamente para incorporar os novos proxectos que xurdan

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe ao Mapa de Recursos para a Xuventude, un documento con que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude recompila os programas que os distintos departamentos do Goberno autonómico poñen á disposición da mocidade, funcionando así como unha ventá única á hora de acceder á información ou resolver dúbidas.

En total recóllense 114 medidas repartidas en diferentes ámbitos que se actualizarán periodicamente. Así, o documento actual reúne programas que teñen que ver coa educación (31), a formación e o emprego (40), a igualdade (7), a mobilidade (9), a vivenda (6), a información xuvenil (6) e o ocio educativo e tempo de lecer (15). Trátase de propostas de diferente tipoloxía como axudas, bolsas formativas, premios, cursos, guías, programas de apoio ou campañas específicas.

Desta maneira, desde a Dirección Xeral de Xuventude refórzanse os mecanismos de información, facilitando o acceso a ela, e foméntase a participación da mocidade nas distintas accións que lles ofrece o Goberno galego, non só difundido os programas propios da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, senón abranguendo todos os departamentos que tamén teñan políticas activas en prol da mocidade.

O Mapa supón unha importante ferramenta a empregar nos puntos de información xuvenil Itinerantes e nos Espazos Xove, ademais de poder acceder a el desde a Oficina Virtual de Asesoramento para a Xuventude do portal de [Xuventude](#). Asemade, as novidades que se vaian incorporando serán difundidas a través da canle de Whatsapp deste departamento, con 2.300 usuarios, e do seu Instagram, que conta con máis de 24 mil seguidores.

Unha ferramenta transversal

Desde a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude afrontouse o reto de facilitar aos mozos e mozas ao acceso ao coñecemento das distintas iniciativas que teñen á súa disposición de xeito transversal, coordinando todas as actuacións que se planifican desde os distintos departamentos da Xunta de Galicia.

Entre as medidas novedosas na última actualización do Mapa atópase o programa *Xuventude Mentoring na Empresa* da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Tamén

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

son novidade varias propostas do Departamento de Emprego, Comercio e Emigración: *Primeira experiencia profesional para a mocidade*; o *Programa para a promoción do emprego autónomo e a cota cero*; a *Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego*; os *Bonos Talento Empresa*, as *Axudas ao emprendemento* ou *Axudas a Startups*.

No ámbito de Igualdade figuran no documento novas medidas como a *Guía de recursos fronte á violencia de xénero en Galicia*; o *Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero*, o *Servizo 028 Arco da Vella* e a *Canle de denuncia de publicidade sexista*. A estes recursos únenselle por parte da Consellería de Economía e Industria o *Programa D'tec*; a *Aula Newton Galicia*; *Galiciencia*, *Aulas Tecnópole* e *Ciencia e Tecnoloxía en feminino*. Tamén as *Axudas para estudar no Centro Superior de Hostelería* da Axencia de Turismo de Galicia e as *Axudas para a adquisición de bicicletas eléctricas e de pedaleo asistido* da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e as *Bolsas de formación en materia de vivenda* da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas. Pola súa banda, a Consellería de Facenda e Administración Pública incorpora ao documento os *Beneficios fiscais de Facenda*.

Ampliación da rede de Espazos Xove

Para seguir reforzando a difusión destes recursos entre os máis novos, tamén se prevén outras accións de futuro. Así, o obxectivo é crear seis Espazos Xove máis, que se engadirían aos 12 centros cos que conta agora mesmo esta rede da Xunta. Desta volta, a intención é amplialos ás cidades para achegar máis oportunidades de ocio saudable á xuventude.

Por outra banda, tamén está na axenda da Dirección Xeral de Xuventude a creación de oficinas físicas especializadas en orientación xuvenil, que se sumarían á xa existente Oficina Virtual de Asesoramento para a Xuventude.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 5,2 MILLÓNS DE EUROS NA PROCURA DA EXCELENCIA FORMATIVA DOS FUTUROS PROFESIONAIS SANITARIOS

- O Executivo galego incrementa este ano nun 10 % a partida destinada a optimizar a formación do alumnado das especialidades das Ciencias da Saúde
- Os acordos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e as tres universidades galegas posibilitan que, desde o 2001, os profesionais do Sergas poidan compatibilizar a súa actividade asistencial coa actividade docente e investigadora
- Estes acordos tamén posibilitan que os estudantes universitarios poidan acceder ás infraestruturas e ao conxunto de recursos dos que dispón o Servizo Galego de Saúde

O Consello da Xunta autorizou esta mañá unha nova prórroga dos concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo co obxectivo de acadar a excelencia formativa dos futuros profesionais sanitarios.

En virtude destes acordos, o Executivo galego destinará un orzamento global de 5.289.479 euros para renovar unha colaboración que tamén permite a utilización das institucións sanitarias para finalidades docentes, asistenciais e de investigación.

Estes novos expedientes de cooperación entre o departamento sanitario da Xunta e as universidades galegas estenderanse desde o 1 de xullo do ano 2024 até o primeiro semestre de 2025. A Xunta incrementa este ano nun 10 %, en 516.592 euros, a partida destinada ao conxunto destes concertos.

O Servizo Galego de Saúde e as tres universidades galegas manteñen esta colaboración desde o ano 2001, establecéndose uns acordos que posibilitan que os profesionais do Sergas compatibilicen a súa actividade asistencial coa actividade docente e investigadora.

Así mesmo, mediante estes concertos o departamento sanitario da Xunta ratifica o seu compromiso coa formación do alumnado, ao poñer á disposición do sistema universitario galego todos os recursos dos que dispón o Servizo Galego de Saúde.

O orzamento destes acordos está destinado a financiar todos os custos de persoal derivados da dispoñibilidade para a docencia pregraduada, posgraduada e continuada dos profesionais, así como o cumprimento dos acordos e obxectivos específicos adquiridos coa colaboración, entre os que destacan: a formación do alumnado das especialidades das Ciencias da Saúde e o obxectivo conxunto de acadar uns mellores profesionais sanitarios e a máxima calidade asistencial para a poboación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA OFERTA 657 PRAZAS DE FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA, O MAIOR NÚMERO DA HISTORIA DE GALICIA

- O número de prazas ofertadas incrementábase en 19 respecto do exercicio anterior
- A Administración galega financiará integramente a formación destes profesionais, un obxectivo ao que este ano se dedican 78 millóns
- Galicia oferta o 100 % das prazas acreditadas, un total de 234, nas especialidades de medicina familiar e comunitaria e en pediatria
- No caso das especialidades relacionadas coa saúde mental prodúcese un incremento do 7,7 % no número de prazas ofertadas
- O Goberno galego continúa reclamando do Ministerio de Sanidade que tamén leve a cabo as accións que lle corresponde no marco das súas competencias para, deste xeito, mellorar o sistema de formación sanitaria especializada
- A Xunta subliña o labor dos xefes de estudo, titores e colaboradores docentes, que resulta imprescindible para que poida manterse a alta calidade na formación de especialistas

A Xunta ofertará o maior número de prazas de formación sanitaria da historia de Galicia, cun total de 657, destinadas aos profesionais sanitarios con titulación universitaria de grao/licenciatura/diplomatura en Medicina, Farmacia, Enfermería e do ámbito da Psicoloxía, Química, Bioloxía e Física.

Así se desprende dun informe da Consellería de Sanidade sobre a oferta 2024/2025 de prazas de formación sanitaria especializada en Galicia que hoxe abordou o Executivo galego na súa reunión semanal.

Estas prazas son 19 máis que as ofertadas no exercicio anterior (638). Das 657 prazas ofertadas, 505 son de especialidades médicas e as restantes son 113 de enfermería, 15 de farmacia, 2 de física, 15 de psicoloxía, 4 de química e 3 de bioloxía.

Galicia oferta o 100 % das prazas acreditadas, un total de 234, nas especialidades de medicina familiar e comunitaria (207) e de pediatria (27), que son nas que existe unha maior necesidade de profesionais.

No que atinxe á especialidade de medicina familiar e comunitaria, nas cinco últimas convocatorias ofertáronse a totalidade das prazas acreditadas nas que, ademais, se produciu un significativo aumento, pasando das 142 (2020-2021) ás 207 actuais.

Na convocatoria tamén se ofertan o 100 % das prazas acreditadas nas especialidades de cirurxía oral e maxilofacial, cirurxía pediátrica, endocrinoloxía e nutrición, xeriatria, inmunoloxía, medicina interna, medicina nuclear, neurocirurxía, neurofisioloxía clínica, neuroloxía, oncoloxía radioterápica, radiodiagnóstico, radiofísica hospitalaria, medicina preventiva, matronas, psiquiatría, psiquiatría infantil e da adolescencia, psicoloxía clínica, enfermería pediátrica e enfermería xeriátrica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As necesidades das distintas especialidades non son sempre as mesmas polo que, na serie histórica sobre o total das distintas especialidades, ningunha comunidade autónoma, nin a propia Administración xeral do Estado, convoca nunca o 100 % das prazas acreditadas.

Así mesmo, no caso das especialidades relacionadas coa saúde mental prodúcese un incremento do 7,7 % no número de prazas respecto do pasado ano, até acadar un total de 56, fronte ás 52 da oferta anterior. En concreto, serán 18 en psiquiatría (1 máis); 2 en psiquiatría infantil e da adolescencia (1 máis); 15 de psicoloxía clínica (1 máis respecto 2023); e 21 de enfermería especializada en saúde mental (1 máis).

Cómpre destacar que a presente oferta será financiada de xeito íntegro con recursos da Administración autonómica galega, tal e como vén facendo, cun investimento neste ano 2024 de 78 millóns de euros.

Nesta convocatoria obtívose en Galicia a acreditación de 16 novas prazas. En concreto, para a unidade docente do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, son 2 de enfermería de saúde mental, 2 de enfermería xeriátrica, 1 de oncoloxía médica, 1 de psicoloxía clínica, 1 de psiquiatría e 1 de psiquiatría infantil e da adolescencia.

Para a unidade docente do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra, son de nova acreditación 1 praza de medicina intensiva e 1 de neumoloxía. Para a unidade docente do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, 2 de enfermería de saúde mental e 1 de farmacia.

Ademais, son prazas de nova acreditación, 1 de medicina intensiva para o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense; 1 de oncoloxía médica para o Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol e 1 tamén de oncoloxía médica para o Complexo Hospitalario Universitario de Lugo.

Reclamación ao Ministerio de Sanidade

Como se pode desprender destes datos, a Xunta continúa a facer cos seus recursos un esforzo para incrementar a capacidade de formación de especialistas co obxectivo de prestar servizos sanitarios de calidade. Porén, o Goberno galego ten que continuar reclamando do Ministerio de Sanidade que tamén leve a cabo as accións que lle corresponde no marco das súas competencias para, deste xeito, mellorar o sistema de formación sanitaria especializada.

Entre estas medidas que debe realizar o Goberno central está mellorar o sistema de selección para evitar que resulten prazas vacantes despois da resolución da convocatoria, eliminando as rixidez do sistema de elección electrónica e a nota de corte no exame que impida que médicos que aspiran a algunha das prazas convocadas quede sen posibilidade de elección, mentres existan prazas sen cubrir.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, debe modificar o procedemento e os criterios de acreditación de prazas para a súa flexibilización, sobre todo nas especialidades deficitarias. O que se trata é de facilitar o incremento de unidades nas que levar a cabo esta formación.

Xunto ao anterior, a Xunta pídelle ao Ministerio que axilice a creación da especialidade de Medicina de Urxencias e Emerxencias, polo seu impacto directo sobre a atención primaria e, ademais, debe o Goberno central incorporar un rexistro de profesionais de todo o Sistema Nacional de Saúde que permita a planificación das convocatorias de xeito global.

A Xunta destaca o labor dos profesionais que colaboran coa docencia: o esforzo de xefes de estudo, titores e colaboradores docentes é imprescindible para que poida manterse a alta calidade na formación de especialistas.

Prazas oferta (FSE) Galicia	2023-2024	2024-2025
ALERGOLOXÍA	2	2
ANÁLISES CLÍNICAS	5	5
ANATOMÍA PATOLÓXICA	5	5
ANESTESIOLOXÍA E REANIMACIÓN	20	20
ANXIOLOXÍA E CIRURXÍA VASCULAR	5	5
APARELLO DIXESTIVO	7	8
BIOQUÍMICA CLÍNICA	0	0
CARDIOLOXÍA	8	8
CIRURXÍA CARDIOVASCULAR	1	2
CIRURXÍA XRAL. E DO APARELLO DIXESTIVO	13	13
CIRURXÍA ORAL E MAXILOFACIAL	1	1
CIRURXÍA ORTOPÉDICA E TRAUMATOLOXÍA	12	14
CIRURXÍA PEDIÁTRICA	2	2
CIRURXÍA PLÁSTICA ESTÉTICA E REPARADORA	3	2
CIRURXÍA TORÁCICA	1	2
DERMATOLOXÍA MÉDICO-CIRÚRXICA	5	5
ENDOCRINOLOXÍA E NUTRICIÓN	6	6
FARMACIA HOSPITALARIA	9	10
FARMACOLOXÍA CLÍNICA	0	0
XERIATRÍA	4	4
HEMATOLOXÍA E HEMOTERAPIA	8	8
INMUNOLOXÍA	1	1

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MEDICINA FÍSICA E REHABILITACIÓN	5	5
MEDICINA INTENSIVA	9	11
MEDICINA INTERNA	19	19
MEDICINA NUCLEAR	1	2
MICROBIOLOXÍA E PARASITOLOXÍA	5	6
NEFROLOXÍA	5	5
PNEUMOLOXÍA	7	8
NEUROCIRURXÍA	3	3
NEUROFISIOLOXÍA CLÍNICA	3	3
NEUROLOXÍA	8	9
OBSTETRICIA E XINECOLOXÍA	10	10
OFTALMOLOXÍA	9	9
ONCOLOXÍA MÉDICA	6	10
ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA	3	3
OTORRINOLARINGOLOXÍA	6	6
PEDIATRÍA E ÁREAS ESPECÍFICAS	27	27
RADIODIAGNÓSTICO	20	20
RADIOFÍSICA HOSPITALARIA	2	2
REUMATOLOXÍA	4	4
UROLOXÍA	7	8
MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA	207	207
ENFERMERÍA FAMILIAR E COMUNITARIA	52	53
MEDICINA PREVENTIVA	5	5
MEDICINA DO TRABALLO	6	4
ENFERMERÍA DO TRABALLO	2	0
MATRONAS	20	20
PSIQUIATRÍA	17	18
PSIQUIATRÍA INFANTIL E DA ADOLESCENCIA	1	2
PSICOLOXÍA CLÍNICA	14	15
ENFERMERÍA SAÚDE MENTAL	20	21
ENFERMERÍA PEDIÁTRICA	15	15
ENFERMERÍA XERIÁTRICA	2	4
Total	638	657

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE MÁIS 70.000 PERSOAS DEMANDANTES DE EMPREGO BENEFICIARANSE NUN ANO DO PERFILADO COMPETENCIAL CON INTELIXENCIA ARTIFICIAL DA XUNTA

- Asegura que o obxectivo é casar oferta e demanda no eido laboral xa que Galicia “conta con 15.000 postos de traballo se cubrir”
- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración salienta que esta medida se enmarca na modernización do Servizo Público de Emprego que xa utiliza o software EMI, pioneiro en España
- O presidente resalta que esta ferramenta permite detectar mellor as competencias que se deben traballar e “facilita aos orientadores laborais” a toma de decisións para aumentar a empregabilidade das persoas usuarias
- Con ela poden coñecerse as competencias dispoñibles en cada concello de Galicia, prever o comportamento laboral comarcal e de cada ocupación e ademais facilita a programación de accións formativas adaptadas ás necesidades competenciais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que vaise reformar o uso de intelixencia artificial no Servizo Público de Emprego para “poder facer o perfilado competencial de máis de 70.000 persoas nun ano” e mellorar as súas oportunidades e inserción laboral. O obxectivo é casar oferta con demanda no ámbito laboral para poder cubrir “os 15.000 postos de traballo que hai en Galicia sen cubrir”

Rueda lembrou que a Xunta está a levar a cabo “a implantación progresiva de ferramentas con intelixencia artificial para mellorar os servizos públicos”. A medida hoxe aprobada enmárcase na modernización que se está levando a cabo do Servizo Público de Emprego e permite incorporar datos de calidade á ferramenta software EMI, dispoñible nas 54 oficinas de emprego de Galicia para casar oferta e demanda laboral en tempo real mediante intelixencia artificial. “Somos a primeira comunidade en contar cunha ferramenta” deste tipo, engadiu o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González.

Así, a Xunta busca avanzar na súa aposta para detectar mellor as competencias que se deben traballar e “para facilitar aos orientadores laborais a toma de decisións”, indicou Rueda, co fin de aumentar a empregabilidade das persoas usuarias.

A iniciativa está dirixida ás persoas demandantes de emprego que permanezan polo menos 30 días en situación de desemprego. Tamén forman parte dela as que participan no programa de seguimento intensivo da demanda de emprego, que no seu primeiro ano de funcionamento facilitou a contratación de máis de 3.700 galegas e galegos.

Este programa de seguimento de emprego permite centrar o traballo da EMI - ferramenta pioneira entre as comunidades autónomas e mesmo a nivel europeo- nos demandantes efectivos de emprego que se achegan ás oficinas. Neste sentido, no caso de que non se acepten as ofertas de emprego axeitadas a través do perfilado competencial e, máis alá de causas xustificadas, isto podería desembocar nun

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

procedemento sancionador que determine a suspensión da súa inscrición e a perda dos beneficios asociados.

Competencias ESCO

Estas persoas obxecto do perfilado reciben unha cita de orientación na que se revisa a súa experiencia laboral e se identifican as súas competencias con base na clasificación europea de competencias (ESCO).

Deste xeito, por unha banda, a nivel persoal, EMI combina as competencias de cada persoa demandante con datos avanzados do mercado laboral da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e permite tomar decisións con soporte estatístico sobre distintas cuestións. Entre elas, tal e como explicou González, están “ocupacións alternativas relacionadas coas súas competencias, necesidades de formación para incrementar a empregabilidade da persoa usuaria, outras ocupacións emerxentes relacionadas co seu perfil e empresas que están contratando nas ocupacións de interese na localidade da persoa demandante”.

Por outra banda, en relación coa Comunidade Autónoma, con esta aplicación poden coñecerse as competencias dispoñibles en cada concello, comarca e provincia de Galicia e onde están xurdindo as mellores oportunidades laborais de cada perfil. Ademais, con ela as empresas poden localizar no Servizo Público de Emprego de Galicia entre as máis de 13.000 competencias dispoñibles o talento que mellor se adapte ás súas necesidades.

Tamén se pode prever o comportamento laboral de cada comarca de Galicia e de cada ocupación referida aos 6 próximos meses. Outra das vantaxes do programa neste eido é que facilita a programación de accións formativas adaptadas ás necesidades competenciales de cada localidade, xa que contribúe a detectar carencias neste ámbito.

Novos orientadores para aplicalo

Este labor realízano os máis de 400 orientadores do Servizo Público de Emprego de Galicia, entre os que se atopan os 136 cos que o Goberno galego reforzou este servizo no 2023 e os que financia nas entidades locais e sen ánimo de lucro. Este persoal e as persoas directoras das oficinas de emprego reciben formación específica para identificar as competencias e mellorar a motivación das persoas demandantes de emprego.

Entre outras accións realízanse mentorizacións, programas específicos de coaching, así como microformacións sobre perfilado de competencia e uso da ferramenta EMI. Ademais lévase a cabo un seguimento da calidade dos perfís realizados co fin de mellorar o perfil competencial.

Modernización do emprego para afrontar retos

O programa de perfilado competencial forma parte do proceso de modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia, área á que a Xunta destina 8,5 millóns de euros para este ano. Deste xeito, busca facer máis accesibles, próximos e dinámicos os

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

servizos de emprego aos traballadores e ao tecido empresarial galego para atender axilmente as súas necesidades.

Dentro desta estratexia de modernización tamén se inclúe a renovación das oficinas de emprego ás que a Xunta está a dotar de novo equipamento e onde está a realizar obras e novas infraestruturas. Outra das accións que forma parte dela é o reforzo do servizo de orientación laboral e prospección empresarial, que posibilita o programa de perfilado competencial. Tamén contribúe a casar a oferta e a demanda no eido laboral a Axenda galega de capacidades para o emprego, que se articulou a través dun gran pacto social e que aposta pola aprendizaxe permanente das persoas para avanzar nas súas capacidades, pola competitividade das empresas e pola colaboración público-privada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A VALORIZACIÓN DO PATRIMONIO MARÍTIMO-CULTURAL COA PROMOCIÓN DA LONXA DE BAIONA COMO MONUMENTO DESASISTIDO

- Será a través do convenio de colaboración que a Consellería do Mar subscribirá coa confraría de pescadores "La Anunciada", e co que se reforza a estratexia de dinamizar a economía vencellada ao sector do mar e da pesca
- O acordo, que se desenvolverá no período 2024-2028, está destinado tamén á promoción internacional de Galicia e da Eurorrexión como destino náutico e natural de costa
- Dá resposta á demanda deste colectivo que aglutina a preto de 300 socios entre mariscadores e pescadores de baixura

O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a confraría de pescadores "La Anunciada", de Baiona, para a valorización e divulgación do patrimonio marítimo-cultural, a través da mellora da accesibilidade ao espazo da lonxa como monumento desasistido. Deste xeito, o departamento, que dirixe Alfonso Villares, da continuidade á estratexia de dinamizar a economía vencellada ao sector do mar e da pesca, coa posta en valor dos edificios marítimos como punto de atención turística desde o punto de vista patrimonial e natural.

Trátase dun acordo plurianual (2024-2028), co que desde a Consellería se cumpre outro dos obxectivos, que é dar resposta á unha demanda trasladada por este colectivo que aglutina a preto de 300 socios entres mariscadores e pescadores de baixura, ademais da promoción internacional de Galicia e da Eurorrexión como destino náutico e natural de costa ao promover a lonxa como monumento desasistido.

A Consellería do Mar ten entre as súas competencias a innovación, a investigación mariña e a divulgación e transferencia tecnolóxica sobre o mar e a pesca, que executa tanto a través dos seus recursos e programas, como en colaboración con outras entidades, apoiando accións como o convenio aprobado este luns polo máximo órgano de decisión do Goberno de Alfonso Rueda. Así, e desde a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, con este acordo posibilitase que a confraría xestione o mantemento do sistema de atención desasistido da lonxa, así como os elementos instalados para a mellora da accesibilidade e a interpretación, ademais do ficheiro de imaxes.

Supón unha clara aposta pola posta en valor e recuperación do patrimonio marítimo; obxectivo no que a Consellería vén traballando nos últimos tempos, co fin de manter vivo o acervo vinculado ao mar, e que se suma a outras iniciativas impulsadas desde este departamento como son os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP). En Galicia existen 8 GALPs e actúan sobre o territorio onde se asenta máis da metade da poboación (o 55 %), cos que se movilizan 18,4 millóns de euros, distribuídos no período 2023-2025. Como resultado desta primeira convocatoria executáronse 64 proxectos, cun total de axuda pública de 4,9 millóns de euros e un investimento de 3,25 millóns.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A confraría "La Anunciada" representa a máxima institución na que se asocia e organiza o sector pesqueiro e marisqueiro da zona. Entre os seus obxectivos destacan a promoción e defensa do sector, así como a optimización dos recursos de cara a obter o máximo rendemento sustentable. Situada no peirao baionés, supón o un punto de comercialización moi importante das especies de peixe e marisco procedente das Rías Baixas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PLAN DE COBERTURA DE NECESIDADES DE PERSOAL MÉDICO EN ATENCIÓN PRIMARIA NO VERÁN AO QUE DESTINA 12,5 M€

- Rueda resaltou que, ademais das medidas ordinarias, inclúe catro iniciativas de carácter extraordinario “para garantir a máxima calidade na atención sanitaria” durante o período estival
- Ampliarase a todas as áreas sanitarias a bolsa de persoal voluntario dispoñible, en réxime de localización, para a cobertura de persoal médico nos PAC
- Impúlsase un programa especial de apoio á atención primaria por persoal do 061 para que os facultativos deste servizo tamén podan traballar nos PAC
- Darase a posibilidade aos médicos de Galicia ou doutras comunidades de pasar consulta de forma temporal nos centros que precisan reforzo por aumentar a demanda no verán
- Tamén se ofrecerá a posibilidade de encomenda de funcións aos MIR de 4º ano de xeito voluntario, incentivado e baixo supervisión

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico destinará “máis de 12,5 millóns de euros” para garantir a asistencia sanitaria no verán. Este investimento dirixirase “a contratar médicos para substituír aos que están de vacacións, contratar a facultativos adicionais e reforzar os centros das zonas con maior afluencia nesta época do ano”.

Ademais das medidas ordinarias de organización de profesionais que se veñen realizando cada ano, a Consellería de Sanidade considera necesario poñer en marcha outras de carácter extraordinario, dirixidas a dotar de suficiente persoal os centros durante o verán e “a garantir a máxima calidade na atención sanitaria durante uns meses especialmente complicados”.

O Plan de cobertura de necesidades de persoal médico en atención primaria durante o período estival 2024, que hoxe aprobou o Goberno galego recolle catro medidas extraordinarias para paliar o déficit de persoal, un problema xeneralizado en todo o Estado e tamén en Europa.

Así, por unha banda, implementarase un programa extraordinario para a cobertura de necesidades de médicos de familia nos PACS.

Tamén se desenvolverá un programa especial de apoio á atención primaria por persoal do 061.

Unha oferta de mobilidade temporal e voluntaria a centros que precisen reforzos prioritarios ou teñan especiais necesidades de cobertura é outra das medidas recollidas no Plan de reforzo da Xunta para o verán.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, prevese a encomenda de funcións ao persoal residente no seu cuarto ano de formación. Será unha medida de carácter voluntario, con incentivos económicos e baixo supervisión, de tal xeito que poidan axudar nos centros de saúde, nos puntos de atención continuada (PAC) ou nas urxencias hospitalarias.

Cómpre remarcar que a incentivación do persoal médico de atención primaria para a realización de actividade fóra da súa xornada habitual ten por obxecto garantir a atención asistencial á poboación durante o período estival, tendo en conta o déficit existente en todo o Estado de determinadas especialidades médicas, principalmente familiar e comunitaria e pediatría.

Respecto á primeira das medidas, o programa extraordinario para os PACs, ampliarase a bolsa de persoal voluntario dispoñible, en réxime de localización, para promover a cobertura de persoal médico nestes dispositivos asistenciais. Unha medida que xa estaba a funcionar en catro áreas sanitarias e que agora chegará a todo o territorio galego.

As persoas incluídas nesta listaxe poderán ser chamadas para atender entre 3 e 7 días ao mes as quendas de PAC que necesiten completar cobertura. Para incorporarse á listaxe terá preferencia o persoal da correspondente área sanitaria. Esta medida será de aplicación ata o 15 de setembro de 2024.

No que atinxe á segunda das medidas, o programa especial de apoio á atención primaria por parte do persoal do 061, os médicos deste servizo poderán participar voluntariamente no programa extraordinario para a cobertura de necesidades nos PAC. Aínda no caso de que o profesional non participe nas ditas listas, poderá colaborar na cobertura de quendas de traballo destes dispositivos.

Tal e como explicou Rueda, a terceira medida recollida no plan -a oferta de mobilidade temporal e voluntaria a centros que precisen reforzos prioritarios ou teñan especiais necesidades de cobertura- prevé ofrecer ao persoal a opción de prestar servizos temporalmente nun centro de saúde distinto ao do seu destino, por precisar aquel un reforzo prioritario ou ter especiais necesidades de cobertura, por exemplo, concellos con sobrecarga de poboación no verán. Esta medida tamén estará dispoñible para o persoal doutras comunidades autónomas que acepten prestar servizos nos ditos centros.

En canto á encomenda de funcións ao persoal residente no seu cuarto ano de formación, establece que as xerencias das áreas sanitarias poderán encomendar ao seu persoal residente en formación de medicina de familia e pediatría, que se atopen nos últimos catro meses do período formativo, o desempeño de funcións que son desenvolvidas ordinariamente polo persoal especialista e que sexan adicionais e extraordinarias respecto ás prestacións propias do seu plan de formación.

A encomenda terá por obxecto realizar unha ou varias das seguintes funcións: atención da consulta ordinaria dun cupo nun centro de saúde; prolongacións de xornada para a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cobertura de ausencias por riba do seu horario ordinario; realización de gardas nos PAC; ou servizos de urxencia hospitalaria.

Rueda lembrou que é unha medida “avalada polo Ministerio” e que os MIR de último ano realizarán este traballo “baixo a supervisión” que exige o Goberno central e coa correspondente remuneración.

Outras iniciativas xa adoptadas

Este plan aprobado hoxe polo Goberno galego engádese a outras medidas adoptadas pola Xunta para dar maior estabilidade aos profesionais sanitarios e garantir a asistencia sanitaria.

Entre elas, está a implantación do nomeamento de continuidade para médico de familia, pediatra de atención primaria e enfermeiro con 154 contratos en vigor.

En concreto, na categoría de médico de familia hai ofertadas 271 prazas cuxo procedemento se está a desenvolver (o 23 de xuño realizaranse os exercicios da fase de oposición). Desde o ano 2022 cubríronse 194 prazas de médico de familia e de facultativo especialista de área de atención primaria.

Outra das medidas para dar maior estabilidade aos profesionais foi o acordo de melloras retributivas e outras condicións de traballo de 20 de abril de 2023, que supón importantes incrementos así como dotación de prazas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A COOPERACIÓN CULTURAL CO NORTE DE PORTUGAL CUN INCREMENTO DE MÁIS DE 200.000 € NO PROXECTO NORTEAR

- O Consello dá conta da terceira edición deste programa que aumentará as súas accións na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal grazas a unha achega de case 250.000 €, fronte aos 63.000 da pasada convocatoria
- Entre as novidades está a oferta de intercambios entre bibliotecas, estadias formativas ou a renovación dos ‘Roteiros literarios virtuais’
- O incremento desta oferta procura un impacto positivo tanto nos habitantes de ambos os dous territorios como nos visitantes a estas zonas

A Xunta de Galicia reforzará a cooperación cultural da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal cun incremento de máis de 200.000 € na terceira edición do proxecto Nortear. Así se informou hoxe no Consello da Xunta no que se deu conta de que o Goberno galego multiplicara case por catro a achega nesta iniciativa, que pasa dunha partida de 63.050 euros para os anos 2020-2022 a unha de 244.200 euros nesta nova convocatoria que abrangue ata 2026.

Este incremento permitirá a ampliación das accións do programa e a incorporación de novidades como a oferta de intercambios entre bibliotecas, a posta en marcha de estadias formativas ou a renovación dos *Roteiros literarios virtuais*. Isto, tal e como se reflicte no informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta, terá un impacto positivo tanto nos territorios, os habitantes ou os visitantes, xa que se eleva o número de atractivos turísticos culturais sustentables potenciando o seu crecemento e cohesión territorial.

Nortear concibiuse en 2015 como un ferramenta esencial para facilitar a cooperación entre creadores, artistas, cidadanía, comunidades, entidades culturais e todo tipo de público de Galicia e da Rexión Norte de Portugal ao redor da súa cultura. Trátase dunha iniciativa desenvolvida entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Dirección Regional de Cultura do Norte de Portugal e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal (AECT- GNP), que ten recoñecido a súa calidade co Premio AEBC-Cross Border Award, como mellor proxecto europeo no eido da cultura.

As bibliotecas públicas incorpóranse a Nortear

Esta terceira edición colle pulo no orzamento e tamén na súa programación. Deste xeito, entre as novidades deste ano inclúense as xornadas de Bibliotecas Nortear que se realizarán periodicamente con traballos e exposicións de boas prácticas e que contarán tamén con aspectos de formación co fin de que redunden nunha mellora do traballo diario dos participantes e da súa experiencia laboral.

Ademais desta acción, ao abeiro desta iniciativa tamén se ofrecerán estadias nas bibliotecas de Galicia e do Norte de Portugal coa finalidade de potenciar o labor formativo conxunto do persoal técnico das bibliotecas públicas de ambas rexións. A través destas estancias de formación, ofrecerase a posibilidade de que técnicos de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

bibliotecas de Galicia vivan a experiencia de incorporarse dous días a unha biblioteca do norte de Portugal e viceversa.

Outra das novidades dentro das accións estratéxicas de Nortear, será o novo enfoque que se lle darán aos *Roteiros literarios virtuais*, xa existentes nas dúas anteriores edicións. Trátase dun total de 12 propostas que afondan nas figuras de persoeiros como Rosalía de Castro, Castelao, Valle-Inclán ou Cunqueiro e que nesta terceira edición contará cunha perspectiva máis actual, combinando a parte dixital coa presencial.

Resultados de Nortear ata este intre

Cómpre destacar que as anteriores edicións de Nortear teñen dado como resultado un total de 17 conversas con 30 escritoras e escritores galegos e portugueses. Así mesmo, conta no seu haber con nove gañadores a través da iniciativa *Premios literarios de relato curto*, dirixidos a escritores de entre 16 e 36 anos, entre os que se atopan nomes de autores e autoras, como Lara Dopazo ou Rui Cerqueira Coelho.

Algunhas das principais iniciativas impulsadas ao abeiro deste proxecto son as *Conversa Nortear*, na que xa participaron 12 escritores galegos e outros tantos do Norte de Portugal como Juan Tallón, Arantza Portabales ou Ramón Caride; os intercambios e itinerancias por diferentes espazos galegos ou as *Residencias de Nortear Ilustrado* que durante tres días reúnen na illa de San Simón creadores do mundo da ilustración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONCEDE, POR PRIMEIRA VEZ, CASE 12 M€ A MÁIS DE 4.500 PRODUTORES AMPARADOS POLA INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA TERNERA GALLEGA

- Estas achegas da Consellería do Medio Rural contribúen a paliar os sobrecostos derivados deste tipo de producións, máis elevados que en gandarías estándar, que se viron afectadas nos últimos dous anos polo incremento dos prezos das materias primas
- Benefíciáanse explotacións inscritas nos rexistros do Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega durante algún período do ano 2023 xunto co rexistro de animais durante dito ano e, ademais, que finalizaran o seu ciclo produtivo dentro deste
- O número de animais subvencionados chegou os 82.787, dos cales o 62 % correspóndense a Ternera Gallega Suprema, con 200 € por cada un; e o resto para Ternera Gallega, cun importe unitario por exemplar de 36 €
- Estas axudas enmárcanse na Estratexia de dinamización do sector cárnico, que busca avanzar na calidade, o benestar e a adaptación ás novas demandas do consumidor

O Consello da Xunta avaliou hoxe a resolución das axudas convocadas por primeira vez este ano para as explotacións gandeiras amparadas pola indicación xeográfica protexida (IXP) Ternera Gallega. A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, concede 11,37 millóns de euros para estas explotacións e así contribuír a paliar os sobrecostos deste tipo de produción, sexan de Ternera Gallega (TG) ou de Ternera Gallega Suprema (TGS).

En total aprobáronse 4.578 solicitudes cunha axuda media por explotación de case 2.500 euros. Sobre o número de animais subvencionados, acadouse unha cifra de 82.787, dos cales o 62 % se corresponden a TGS -200 € por cada un- e o resto para TG, 36 € por res. A resolución publicárase mañá, 18 de xuño, no *Diario Oficial de Galicia*.

A Consellería puxo en marcha estas axudas motivadas polos incrementos dos custos para o sector gandeiro como resultado do encarecemento das materias primas. Os beneficiados destas axudas son explotacións inscritas nos rexistros do Consello Regulador que xestiona a IXP Ternera Gallega durante algún período de 2023 e que tiveron animais rexistrados durante dito ano como TG ou TGS polo Consello Regulador que xestiona a IXP, e ademais que finalizaran o seu ciclo produtivo dentro de 2023.

Estratexia de dinamización do sector cárnico

A principios de 2023 presentouse a Estratexia de dinamización do sector cárnico co obxectivo de perfilar unha serie de metas e medidas que conflúen nun punto común, situar a Galicia como rexión de referencia na produción de carne, cun alto nivel de competitividade e sustentabilidade. De feito, cómpre destacar que a carne amparada baixo o selo de calidade Ternera Gallega representa o 57 % da carne de vacún que se comercializa en España baixo unha denominación de calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas axudas para Ternera Gallega, ademais de paliar os sobrecustos, serven para avanzar no desenvolvemento desta estratexia, especialmente naqueles puntos relacionados coa calidade, o benestar e a adaptación ás novas demandas do consumidor. Así, este plan conta con seis eixes estratéxicos marcados ata 2030 para acadar un sector produtor organizado e profesionalizado; unha industria cárnica galega competitiva, líder en calidade impulsada pola tecnoloxía e o talento que garanta a soberanía alimentaria; uns produtos cárnicos galegos mellor posicionados nos mercados nacionais e internacionais; unha cadea de valor máis transparente e equilibrada; unha sociedade concienciada coa importancia da produción cárnica galega para o desenvolvemento rural e sobre o valor nutricional da carne; e un sector cárnico máis sustentable medioambientalmente e resiliente

INFORMACIÓN AOS MEDIOS